

ROTEIRO LITERARIO POLA PROVINCIA DA CORUÑA 2022



asociación de
**escritoras
escritores**
en lingua galega
www.aelg.gal

Roteiro literario pola
vila de Rianxo
con Xosé Ricardo Losada

SUBVENCIONADA POR



Deputación
DA CORUÑA

COLABORA



Rianxo
Concello

***DE CATRO A CATRO.
FOLLAS DE CULTO
DUN DIARIO DE FRACASOS***

**ROTEIRO LITERARIO POLA VILA DE RIANXO
CON XOSÉ RICARDO LOSADA**

Elaborei este roteiro seguindo o criterio que establece Manoel Antonio para as visitas turísticas no seu libro *A novela de Ramón Cruceiro*:

Non temos sinxelamente un museo d'antiguedades, como os que París ou Londres sitúan n-o itinerario d'o filisteísmo turista, sinón un museo d'antiguedades representativas, non catalogado por ningún Baedeker. Un museo de barcos vellos ven a ser un museo de traxedias e poemas: o noso amigo poeta follea n-el a antoloxía d'un arte inédito.

ÍNDICE

PREPARATIVOS

- 1- O RIANXO DE MANOEL ANTONIO (1900-1930)
- 2- CRONOBIOGRAFÍA VITAL E INTELECTUAL DE MANOEL ANTONIO

TRAVESÍA

- PUNTO DE ENCONTRO: MONÓLITO A HELENA VILLAR NO PASEO MARÍTIMO.
CARTOGRAFÍA DO ROTEIRO
- 1- SETEFOGAS. PEIRAO DE PARTIDA
- 2- PATIO DO MUSEO DO MAR. O BARCO
- 3- PRAZA DA RIANXEIRA. OS TRIPULANTES E OS VELLOX MARÍÑEIRO
- 4- PRAZA DE CASTELAO. NAUFRAXIO POLÍTICO
- 5- BAR FELICIANO. NAUFRAXIO FAMILIAR, ACADÉMICO E LABORAL
- 6- CASA DE CASTELAO. NAUFRAXIO NACIONALISTA
- 7- CASA DE DIESTE. NAUFRAXIO LITERARIO
- 8- PRAZA DA IGREXA. NAUFRAXIO ROMÁNTICO
- 9- CEMITERIO DE PEDRA VIXÍA. NAUFRAXIO VITAL
- 10- PEIRAO DAS OBRAS. CHEGADA A PORTO.
- 11- RIBEIRA. DERRADEIRA TRAVESÍA. A RÍA SEN FIN
- 12- CASA MUSEO DE MANOEL ANTONIO. O POETA DE CULTO

BIBLIOGRAFÍA ESENCIAL

Preparativos

1- O RIANXO DE MANOEL ANTONIO (1900-1930)

Se queremos comprender a evolución persoal, ideolóxica e poética de Manuel Antonio, debemos aclarar a profunda transformación ideolóxica que sofre nos anos da súa mocidade nas circunstancias históricas do Rianxo do primeiro terzo do século XX. Comeza a mocidade, seguindo a tradición familiar, sendo católico, tradicionalista, *españolista*, conservador. Pero aos 17 anos, cando está no seu primeiro ano vivindo en Santiago, dá un cambio radical e, en pouco tempo, pasa ao outro extremo do espectro ideolóxico: republicano, anarquista, arredista galego. De falar castelán, o idioma materno, pasa a ser un afervoadado e implacable defensor do galego. Mesmo adopta posturas contrarias aos intereses mundanos da familia (publica con pseudónimo varios artigos anticaciquís) por explotadores e por indianos mal asumidos: non usan a súa cultura e posición en favor da xustiza. Saber como se vivía en Rianxo naquela segunda década do século XX é clave para entender esa transformación ideolóxica de Manuel Antonio:

Moi preto da rúa de Abaixo, onde viven estes anos os tres ilustres rianxeiros, está o pazo de Paio Gómez Chariño, gran poeta medieval e primeiro señor de Rianxo, figura clave no inconsciente colectivo da intelectualidade local ata o punto de que nos anos vinte Castelao proponlle a Manuel Antonio levantarlle un monumento na vila. Nestes anos o pazo está rexentado por Evaristo Martelo (1853-1928), un dos protagonistas do Rexurdimento literario galego. A vila conserva o seu vello esplendor de antigas liñaxes nos numerosos escudos que adornan as casas. Castelao, Dieste e Manuel Antonio ven acotío nunha das casas da súa propia rúa un escudo do século XIV, o máis antigo da vila: é o escudo familiar dos señores de Rianxo e nel figuran as armas dos Soutomaior.

Pero a situación da vila nada ten que ver con ese orgulloso pasado.

A principios do século XX Rianxo, que non chega aos 2000 habitantes, é unha vila mariñeira construída en paralelo ao mar, cunhas poucas rúas estreitas (a de Abaixo é a máis próxima á ribeira) enlamadas case todo o ano polos duros e prolongados invernos. As casas carecen de retrete e moitos rianxeiros aínda dormen en colchóns de follato. Os únicos espazos de ocio e socialización son a igrexa e o adro, e o naipe e o dominó que xogan os homes nunha das vinte tabernas. Dez tendas de comestibles, seis de tecido, unha ferraxería, un almacén e dúas boticas completan a oferta comercial. Ata 1911, ano no que se inaugura o de acetileno, Rianxo é a única vila da ría de Arousa que carece de alumeado público. A ribeira concentra a vida dunha vila que o periódico Buenas Noches describe así: “Si a Rianjo le faltan los cerdos y las gallinas en la calle, la ropa colgada en las ventanas y balcones, sus calles mal empedradas, y los aturuxos por las noches, ya no es Rianjo”. O mesmo periódico di que de noite só se ven polas rúas vellos e mozos borrachos, feitos uns salvaxes, e que as pelexas son continuas. As condicións hixiénicas son pésimas. Os rianxeiros usan a mesma auga das fontes que beben os animais e o gando. A liña de telégrafo Rianxo-Padrón non se instala ata 1916. A luz eléctrica non

chega ata mediados da seguinte década. Dous terzos dos rianxeiros son analfabetos. Os mestres ensinan co catecismo do padre Astete. O absentismo escolar é altísimo e o estado das escolas, lamentable. A educación é en castelán, aínda que o 90% dos rianxeiros falan como única lingua o galego.

A situación económica é moi dura, mesmo de miseria, sobre todo no mar, onde os mariñeiros padecen as consecuencias da vinda das salgas e as conservas dos cataláns. Non hai embarcadoiro nin rampla nin lonxa. E desde principios de século a situación é moi conflitiva. Primeiro, pola contenda que os xeiteiros das Rías Baixas manteñen, organizándose en sociedades, para esixir aos poderes públicos que prohiban pescar con traíña. Segundo, porque con ese problema aínda quente, xorde outro cunha nova arte de pesca: a ardora ou *obscurada*, que usa explosivos para atordar as sardiñas e capturalas mellor. Os xeiteiros acusan esa arte da frecuente falta de sardiñas na ría e do extremo empobrecemento conseguinte. Manuel Antonio, bo fillo dun pai que participara nos primeiros movementos asociacionistas da vila, toma partido: “Estes vellos mariñeiros, tan leigados á súa apostólica vellice, non transixiron c’a traíña nin c’o bou; ninguén os convencerá pra ir á sardiña *en vapores*. Eles teñen o seu xeito, a súa rapeta, o seu aparello; vedes-lle n-a man o troel, o bourel, o salabardo. Din banda de *couce* e banda de *pana*; e si non fora por eles, os poetas non saberían que o ronsel se chama así”. A epidemia de gripe de 1918 aínda agrava máis a situación. Como consecuencia, a emigración dispárase, e só quedan en Rianxo os que non teñen cartos para emigrar a Cuba ou a Arxentina.

Con 19 anos Manuel Antonio, nun deses artigos con pseudónimo xa comentados, titulado *Rianjo*, expresa o profundo e doloroso efecto que esa situación deixa na súa alma: “Una prueba de que el hambre ha batido su mano, descarnada y fría, sobre la faz del pueblo, es la manifestación celebrada el 16 del corriente, en la que el clamor popular rugía su aterradora miseria. ¡Y era tan triste ver el espectáculo de la indigencia, demandando pan!”. E acusa directamente o cacique Viturro, é dicir, e por extensión, a súa propia familia.

E quen teñen que solucionar eses problemas manteñen, desde hai moitos anos, unha dura e raposeira loita de bandos, a mesma que asola a Restauración, o sistema político da época en España. Por un lado, os conservadores da casa Mariano, pai de Castelao, defenden os intereses do Partido Conservador apoiados pola arquidiocese de Santiago e o marqués de Figueroa, a familia Baltar e a de Dieste, e o propio Castelao incluídos. Polo outro, a casa Varela, médico da vila, defende os intereses do Partido Liberal, apoiada polo cacique e preboste da Deputación da Coruña, Viturro, os comerciantes locais, incluída a familia de Manuel Antonio, cuxo tío e padriño Manuel, pai de Roxerius, será alcalde moitos anos. Hai unha guerra pública e larvada e os dous bandos contan con cadanseu periódico (*Buenas noches*, liberal, *El Barbero municipal*, conservador) para defender os seus intereses e criticar con dureza os dos inimigos.

(Este texto pertence ao libro *Manoel Antonio. Vida e misterio dun poeta galego*, do creador deste roteiro, Xosé Ricardo Losada)

2- CRONOBIOGRAFÍA VITAL E INTELECTUAL (ADAPTADA AO ROTEIRO) DE MANOEL ANTONIO

1900: Nace en Rianxo nunha casa pequeno burguesa, conservadora e moi relixiosa, baixo a promesa da nai de que levará o hábito e o nome de santo Antonio. É educado para ser crego.

1904: Morre de tuberculose pulmonar o pai. A esta prematura e definitiva ausencia sumaranse as temporais pero frecuentes ausencias da nai polo seu traballo de mestra. Pódese falar de certo proteccionismo por parte dos outros membros da familia.

1908: Vai vivir a Padrón á casa da avoa materna. Nace unha relación moi intensa e íntima, que durará toda a vida, co seu tío José, sochantre da colexiata. Pasa tempadas en Rianxo, onde atesoura os seus mellores recordos e a compañía dos seus curmáns e amigos.

1911: Estando en Cangas con outro crego clave na súa vida, Valentín Losada, curmán da nai, escíbelle unha carta a esta renunciando a ser crego. Ábrese, como el mesmo indica nun poema, unha profunda inestabilidade na súa alma.

1914: Ingresa no Instituto General y Técnico de Santiago, mesmo acabará vivindo nesa cidade na que nunca será un bo estudante. Comeza a busca dunha nova identidade provocada polo que el chama *a cruel dúbida* do pensamento ilustrado. A miseria de Rianxo, a influencia dun Castelao que vive estes anos na vila, as novas amizades de Santiago, o maxisterio epistolar de Vicente Risco e, sobre todo, os debates cos amigos de Rianxo (Roxelio e Dieste principalmente), oriéntano cara ao anarquismo e o nacionalismo. Un anarquismo de espírito, un nacionalismo de compromiso cotiá e persoal. E cara tamén a un romanticismo que serve de nexo de unión entre esas dúas teorías políticas, e que derivará a nivel poético nunha negación vangardista dese mesmo romanticismo.

1917: Mantén unha estraña relación sentimental con Mercedes, unha veciña, que abre moitos interrogantes sobre a natureza da súa afectividade. Coincide cos primeiros diagnósticos da súa enfermidade.

1918: Marcha a Francia para alistarse na lexión e loitar contra Alemaña na I Guerra Mundial. É detido en San Sebastián, e volve un mes despois tras varias xestións familiares.

1919: A súa profunda convicción nacionalista faino asistir á II Asemblea Nacionalista de Santiago. A partir deste momento, firme compromiso coas Irmandades da Fala, e con toda a simboloxía nacionalista, que nunca abandonará.

1921. Solicita matricularse na Escola de Náutica de Vigo sen unha vocación clara. A poesía é a única vocación da súa alma.

1922: Despois de ter publicados algúns poemas en diferentes medios, sae do prelo o manifesto literario-vangardista *Máis alá*, que asina con Álvaro Cebreiro. Como consecuencia das críticas que recibe pola súa ousadía, comeza un período de fondo traballo poético e metapoético, encamiñado a escribir un libro que xustifique ese manifesto.

1923. A ditadura de Primo de Rivera depáralle fondas decepcións persoais e políticas. Os enfrontamentos nas Irmandades estoupán e algunhas persoas relevantes da súa vida mostran unha cara oculta. O mesmo que lle pasara coa rivalidade entre conservadores e liberais no seu Rianxo natal.

1924. Decláranlo inútil e excluído do Servizo Militar tras un longo proceso burocrático que coincide co período en que agarda o comezo das prácticas de piloto, e o período de maior traballo literario, ata o punto de que nos fai recordar o concepto de *traballador da poesía* de Baudelaire, a quen el consideraba un verdadeiro amigo.

1925. É acoitelado nunha romaría de Exipto (Boiro). Grave ferida. Por estes anos está intentando, con Castelao, erixirlle un monumento en Rianxo a Paio Gómez Chariño.

1926. Embarca no pailebote *Constantino Candeira* para facer as prácticas, tras un longo período de inactividade que contrarresta matriculándose nalgunha materia de Filosofía.

1927. Embarca por segunda vez no *Constantino Candeira*. Nestas dúas navegacións escribe o seu libro máis emblemático.


1928. A editorial Nós publica *De catro a catro*. Pasa practicamente desapercibido.

1929. Embarca en Cádiz no pesqueiro *Arosa*, tras navegar o ano anterior no transatlántico *Gelria*. A enfermidade avanza e el vana levando cunha gran dignidade persoal.

1930. Morre en Asados e é enterrado no cemiterio de Rianxo.

Travesía

PUNTO DE ENCONTRO: MONÓLITO A HELENA VILLAR NO PASEO MARÍTIMO. CARTOGRAFÍA DO ROTEIRO



O roteiro pretende amosar unha das moitas posibles viaxes intelectuais de Manoel Antonio no seu libro *De catro a catro*. Cando sobe ao Constantino Candeira, Manoel Antonio séntese un náufrago pois a súa vida é unha acumulación de fracasos, incluída a inminencia dunha morte que comeza a intuír moi próxima. Só o pode salvar a gran obsesión da súa vida: escribir un gran libro de poesía. Esa poesía que el sempre empregou para encadernar as follas soltas do seu diario de bordo anímico.

Comeza o roteiro no monólito que a AELG lle dedicou a Helena Villar na entrada do paseo marítimo de Rianxo fronte ao peirao de Setefogas. Compararemos brevemente os versos do monólito (*Mirarei este mar / cos ollos que hoxe inscribo nesta pedra. / Navegarei solpores en Rianxo / sen antes ter sido mariñeira*) coa poesía de Manoel Antonio para entender o seu carácter críptico: igualar o proceso creativo do autor co do lector. Ningunha navegación por *De catro a catro* é posible sen entender ese aspecto. Despois de relacionar a climatoloxía do día (clave para a navegación) co tipo de navegante que precisamos, explicaremos o título do roteiro, e preparáremos para

unha viaxe en veleiro pola océano mental de Manoel Antonio cara ao horizonte dun libro moitos anos desexado.

Satisfeitas esas condicións estaremos listos para abordar un roteiro que contará con 12 recaladas.

Nas tres primeiras veremos os recursos cos que conta Manoel Antonio para abordar con éxito a viaxe.

Nas seis seguintes, os naufraxios que sufriu Manoel Antonio ao longo da súa vida e que, sen dúbida, tamén son naufraxios que terá que sufrir nesta nova singradura.

Na décima, veremos a chegada a porto e o tipo de libro que conseguiu escribir. Contestaremos a pregunta clave: serviu a navegación ás fins que buscaba?

Na undécima emprenderemos a derradeira travesía do poeta, aquela que *De catro a catro* lle depara.


Na duodécima, entenderemos o título do roteiro: *De catro a catro. Follas de culto dun diario de fracasos*. E despediremos con devoción ao poeta dando a opción de facelo entrando no museo ou deixando que o roteiro colonice o noso inconsciente co peso eterno de todos os adeuses.

1- SETEFOGAS: PEIRAO DE PARTIDA

É o peirao máis antigo de Rianxo. Nos inicios do século XIX xa existía, probablemente de pedras e madeira. En 1903 póxanse as obras de reparación e ampliación, que Manoel Antonio veu executar ao longo dos seus primeiros anos.

Explicaremos por que o biógrafo e guía deste roteiro considerou nas súas primeiras lecturas de *De catro a catro* que este era o porto de saída do poemario, e por que acabou cambiando de opinión grazas a Baudelaire, un íntimo amigo de Manoel Antonio.

Finalmente, para que o poeta rubrique todo o explicado, leremos o primeiro poema do Libro, *Intencións*, creando previamente o ambiente necesario para intuír o seu significado.




2- PATIO DO MUSEO DO MAR DE RIANXO: O BARCO

O museo do Mar está situado na que en Rianxo coñecemos como Casa do Coxo, en referencia a un antigo farmacéutico coñecido polas súas muletas e o seu arisco carácter, que tiña aquí a súa botica, herdada do pai, desde 1919. Non entraremos ao museo (recomendaremos a posterior visita, iso si), e situarémonos fronte ao patio onde se expoñen ao aire libre dous botes, unha gamela e unha dorna que nos servirán para analizar tres factores clave da navegación:

- a) O carácter e o temperamento do poeta en comparación co do boticario.
- b) A paradoxal visión que tiña da modernidade en relación ao título do proxecto que levou a cabo este museo: *O mar feito tradición*.
- c) O carácter metafísico da poesía e do talante vital do noso poeta en relación aos barcos expostos no museo que, por suposto, tamén nos servirán para entender por que a navegación tiña que ser en veleiro e non nun transatlántico nin nun trawler, dous tipos de barcos nos que el acabou traballando.

Finalmente, para comprobar todo o explicado, leremos un fermosísimo fragmento do libro de Manoel Antonio *A novela de Ramón Cruceiro*, fragmento que explica a natureza mental deste roteiro, máis alá do que adoitan dicir as guías turísticas que tanto detestaba o poeta.



3- PRAZA DA RIANXEIRA: A TRIPULACIÓN E OS VELLÓS MARIÑEIRO

Nesta praza, a cincuenta metros do museo do Mar, hai tres referencias ineludibles á obra de Manoel Antonio. Primeiro, a escultura de Rosalía de Castro que o concello de Padrón lle regalou ao de Rianxo. Segundo, a escultura dedicada á muller rianxeira (coa patela á cabeza). Terceiro, o busto do propio poeta. As tres figuras forman unha *ortodrómica* coa Rianxeira no medio.

Aproveitaremos para percibir nesta praza un carácter esencial da navegación, a ironía, clave para entender a autenticidade da súa vocación poética e deste poemario. A partir do nulo parecido do busto de Manoel Antonio co Manoel Antonio que coñecemos a través de fotos, intentaremos percibir a tripulación deste barco: os tres eus do poeta: o eu biográfico, o eu poético e o eu proxectado.

Pero non só iso. Aproveitando a presenza de Rosalía, abordaremos tamén o manual de Náutica que Manoel Antonio creou para dirixir esta navegación: o manifesto literario-vangardista *Máis alá*, do que este ano se compreen cen anos. E comprenderemos por que un nacionalista coma el preferiu orientarse por vellos mariñeiros franceses.

Finalmente leremos *Sós*, intentando comprender que é un poema dominado máis pola ilusión que pola angustia, pola plenitude que pola ausencia.



4- PRAZA DE CASTELAO: NAUFRAXIO POLÍTICO



Nesta praza, que comezou a ser nuclear na vila en vida de Manoel Antonio, pois antes érao a Ribeira, podemos simbolizar un dos fracasos máis dolorosos da súa vida, o político.

Na librería Cándido (*Establecimientos La Colmena* en época de Manoel Antonio), a máis antiga de Galicia, viviremos o nacemento do compromiso asociacionista e político de Manoel Antonio, tanto en relación ao mundo agrario como ao mundo mariñeiro, e a súa crítica do sistema caciquil. Cándido González é, nese sentido, xunto a Arcos Moldes, mestre intermitente do poeta, unha figura clave para comprender o seu compromiso cos perdedores da historia.

No concello, que foi construído en 1876, representaremos as loitas dos dous partidos da Restauración, o Conservador e o Liberal, que tanta influencia tiveron na vida do noso poeta. A súa familia pertencía ao bando liberal, os seus amigos, ao bando conservador. Tamén contaremos algúns relevantes feitos acaecidos neste concello en vida do poeta.

Finalmente, diante da casa da familia da nai, recordaremos como os naufraxios que dominaron a vida de Manoel Antonio continuaron despois da súa morte.

5- BAR FELICIANO: NAUFRAXIO FAMILIAR, ACADÉMICO E LABORAL



O bar Feliciano, na rúa do Medio, é o máis antigo de Rianxo na actualidade. Remóntase a 1945. É coñecido nas guías turísticas como o lugar onde se escoitou por primeira vez en Galicia a famosa canción *A rianxeira*. Un irmán do dono mandou o disco desde Arxentina, onde fora composta para recibir a Castelao á volta de París. Como é obvio, este bar non ten nada que ver literalmente coa vida nin coa obra de Manoel Antonio. Pero sérvenos para exemplificar a importancia dos bares na vida e na obra de Manoel Antonio, e a súa relación co viño e as bebedelas. E servíranos tamén para entender o seu escaso entusiasmo polos estudos e polo traballo convencional, limitadores da súa obsesión poética, así con trazos moi típicos da súa personalidade e da súa masculinidade.

Para comprobalo, ambientaremos e leremos o famoso poema *Navy bar*.

6- CASA DE CASTELAO: NAUFRAXIO NACIONALISTA

Da rúa do Medio baixamos á rúa de Abaixo, a máis famosa de Rianxo. Comezaremos recordando como era na época de Manoel Antonio e intentaremos responder esa pregunta que sempre nos fan aos rianxeiros: como foi posible que vivisen aquí ao mesmo tempo tres figuras tan importantes da cultura galega e da cultura universal.

De seguido centrarémonos na casa onde viviu uns anos Castelao (a súa casa natal está no Cabo da Vila) e na importancia que tivo na vida de Manoel Antonio, sobre todo na conformación das súas ideas nacionalistas e a súa afiliación ás Irmandades da Fala, sen que iso obvie as profundas diferenzas que tiveron en cuestións como a natureza da arte ou o concepto de pobo. Finalmente analizaremos se é factible que teñan base as palabras da única moza de Manoel Antonio nunha entrevista máis de cincuenta anos despois: *A Manoel Antonio caíanlle mal tanto Castelao como a súa familia.*



7- CASA DE DIESTE: NAUFRAXIO LITERARIO

Na mesma rúa de Abaixo está a casa con blasón onde naceu, e onde tivo o accidente que lle provocou a morte, Rafael Dieste. En fronte, a casa dos doce balcóns, onde viviron os irmáns Insua, curmáns de Castelao, asasinados no bou Eva durante a Guerra Civil. Explicaremos por que a casa de Dieste é unha casa decisiva no esplendor cultural destes anos en Rianxo, e algunhas anécdotas da época, como o encanto da nai, o novelesco mal de amores de Olegaria, a irmá do escritor, ou a edición de *El Barbero municipal* no baixo desta casa.

Pero o tema principal da parada será a relación de Dieste e Manoel Antonio, unha relación mediatizada pola literatura e a diferente conformación ideolóxica, pero tamén por dous temperamentos e dous caracteres moi distintos. Por que acabaron tan distanciados no xuvenil desexo común de crear unha civilización atlántica na que Galicia tivese un papel prominente?



8- PRAZA DA IGREXA : NAUFRAXIO ROMÁNTICO



A praza da Igrexa ou de Rafael Dieste era a praza principal da vila cando naceu Manoel Antonio. Aquí están casas moi antigas, como a do mestre e xornalista Manuel Dourado, e un fermoso cruceiro cuxa construción algúns estudosos atribúen á familia de Castelao, quen deu un mitin no actual bar Memphis cando era un cine. Pero, aos efectos deste roteiro, os edificios máis determinantes son:

A igrexa de santa Comba: nesta igrexa do s. XV, mestura de gótico mariñeiro, plateresco e barroco, foi bautizado Manoel Antonio. Aquí acudiría a misa os seus primeiros anos, aínda que nunca foi a igrexa principal da súa vida. O poeta viviu rodeado de cegos, e tivo unha relación moi íntima con dous deles, familiares seus. Mesmo foi educado para ser crego, ata que el mesmo renunciou con 11 anos. A relixión católica ten, por acción e omisión, unha relevante influencia na súa vida. Nesta recalada reflexionaremos sobre esa enigmática relación. Hai contradición entre a súa ideoloxía revolucionaria e o feito de que confesase e fose a misa toda a vida?

O pazo de Martelo: A maioría dos investigadores queren ver no Pazo de Martelo o antigo solar do primeiro Señor de Rianxo, o militar e trovador Paio Gómez Chariño (século XIII). Hai un debuxo do século XVII no que se pode ver o que será Pazo de Martelo como unha pequena torre (dos Soutomaior) situada no centro da vila. Anos máis tarde será unha das residencias preferidas do poeta *galeguista* Evaristo Martelo Paumán del Nero. É un edificio que tivo que exercer un forte magnetismo na alma romántica do noso poeta, que o consideraba un referente do esplendor pasado de Rianxo que el quería recuperar.

Finalmente lerase un fragmento de *A novela de Ramón Cruceiro* no que Manoel Antonio expresa moi ben o seu romanticismo, e que moi ben podería ter sido escrito nesta praza.

9- CEMITERIO DE PEDRA VIXÍA: NAUFRAXIO VITAL



Manoel Antonio quería ser enterrado neste cemiterio de Pedra Vixía fronte ao mar de Arousa. Está moi ben rodeado. Ademais dos veciños de Rianxo, ten moi preto, case para unha conversa íntima ou unha partida de cartas, aos irmáns Insua, a Rafael Dieste e a súa muller, ao Abisinio, a Manuel Dourado e ao mesmísimo Arcos Moldes.

Comezaremos explicando por que a este biógrafo, máis que poeta do mar, Manoel Antonio lle parece o poeta do misterio. E tamén por que, para entender *De catro a catro*, é imprescindible analizar a relación do noso poeta co principio de realidade. Evidentemente, a morte do pai, as ausencias da nai e a súa propia enfermidade foron circunstancias decisivas nesa perspectiva.

Finalmente contaremos algunha experiencia de Manoel Antonio nos cemiterios e leremos, tras contextualizalo, o poema *Elexía*, intentando comprobar a relación de *De catro a catro* co conxunto da súa poesía.

10- PEIRAO DAS OBRAS: CHEGADA A PORTO



O peirao das Obras foi aprobado no Consello de Ministros do 8 de novembro de 1933, case catro anos despois da morte de Manoel Antonio, pero ten todos os elementos necesarios para ser o porto de chegada de *De catro a catro*, pois está claro que a navegación remata na vila natal do poeta. Explicaremos por que recorrendo á súa localización, aos seus elementos e ás declaracións dun dos vellos mariñeiros que guiaron a Manoel Antonio nesta navegación: Baudelaire.

Aquí atópase tamén a capela de san Bartolomeu, do século XVII, que ata a construción deste peirao, estaba nun illote rochoso, refuxio de enfermos do cólera en 1917 e, moi preto, un monólito de homenaxe aos 46 mariñeiros rianxeiros mortos en naufraxios,

Con todos eses factores explícitos, poderemos resolver o dilema que suscitamos no porto de saída. Remata a travesía en éxito? Chega Manoel Antonio a porto convencido de que escribiu un libro que xustifica a súa vida e que converterá a súa vida efémera e *náufraga* en eterna e segura?

Finalmente lerase o poema *Adeus*, previa contextualización, para resolver esa decisiva cuestión, e xa estaremos preparados, seguindo o itinerario do propio poema (o ronsel da vila natal), para camiñar cara a Ribeira, e cantar unha vella cantiga popular:

Vento ventíño do mar
Vente ventíño mareiro
Vente ventíño do mar
Vente noso compañeiro

11- PASEO DA RIBEIRA OU DE MANOEL ANTONIO: DERRADEIRA TRAVESÍA: A RÍA SEN FIN



A Ribeira foi o centro neurálxico da infancia de Manoel Antonio. A súa casa natal daba, pola parte de atrás, ao mar. E a familia tiña un galeón para traer mercadorías desde Vilagarcía. É a mesma paisaxe que se ve desde a fiestra baldeira da casa de Rafael Dieste. Aí estaba a taberna do Melón, os vellos e novos mariñeiros, as voces purificadas polo mar das pescas, os nenos bañándose ou xogando nos botes, os pataches, galeóns, dornas e lanchas xeiteiras. En moi poucos metros coinciden esculturas dedicadas a Rafael Dieste (concretamente ao seu libro *Dos arquivos do trasno*), a Castelao e á mítica xeiteira *Manuela*, gañadora das regatas na ría. Aquí é onde a este guía lle gusta imaxinar que Manoel Antonio lle deu, entre a calima e traspondo o seu ollar, o manuscrito de *De catro a catro* a Rafael Dieste, intermediario co editor, para, deseguido, escribir *Viladomar*, a súa despedida desta ribeira e, xa que logo, do mundo e da poesía.

Esa é a razón de que rematemos esta recalada lendo o poema dese libro *Xuízo final*, previa contextualización: estamos *no mesmo lugar* en que foi escrito.

12- CASA MUSEO MANOEL ANTONIO: O POETA DE CULTO

Volvemos á rúa de Abaixo, concretamente á casa natal do poeta, hoxe Casa Museo, para rematar o roteiro. Tras explicar as vicisitudes familiares e a importancia desta casa, na que non viviu moitos anos, e tras explicar a polémica sobre o seu nome, e valorar o acerto de colocar na porta de entrada a estrela de cinco puntas como símbolo do museo, intentaremos comprender definitivamente o título do roteiro: *De catro a catro. Follas de culto dun diario de fracasos*. Relataremos os seis naufraxios (político, académico e laboral, nacionalista, literario, romántico e vital) que viviu Manoel Antonio e resaltaremos como eses fracasos son os que lle deron sentido á súa vida, como demostra que hoxe esteamos a celebralos con este roteiro e este museo.



BIBLIOGRAFÍA ESENCIAL

- Manuel Antonio. *De catro a catro (Follas d'un diario d'abordo)*. Nós, A Coruña, 1928.
- Manuel Antonio. *De catro a catro. Manuscrito inédito*. Edición e transcripción de Anxo Tarrío Varela. Alvarellos, Santiago de Compostela, 2016.
- Axeitos, X.L. *Manuel Antonio. Unha vida en rebeldía*. Xerais. Vigo, 2017.
- Losada, Xosé Ricardo. *Manuel Antonio. Vida e misterio dun poeta galego*. Galaxia. Vigo, 2018.
- Durán, J.A. *El primer Castelao. Antología biografía notas (1910-1916)*. Siglo XIX, Madrid, 1972.
- Santos, X; Comoxo, X. Arcos Moldes, mestre sen escola. O Rianxo do seu momento 1865-1944. Deputación da Coruña, 2017.
- VVAA. *Rafael Dieste. La creación como el puro amanecer constante de la palabra*. Anthropos, Barcelona, 1990.
- VVAA. *Rafael Dieste. Era un tempo de entusiasmo...* A Nosa Terra. Vigo, 1995.